



IX EDICIÓN CONCURSO DE VIÑETAS

“Sen adiccions... un bo plan”

A Concellaría de Igualdade, Benestar Social e participación do Concello da Coruña convoca a IX Edición do Concurso de Viñetas “Sen adiccions... un bo plan”.

Este concurso desenvólvese no marco da prevención das condutas adictivas e dentro do Programa de promoción do lecer saudable para a mocidade 2019, cofinanciado polo Plan Nacional Sobre Drogas.

O obxectivo do concurso é implicar á mocidade no deseño de estratexias de sensibilización na prevención de condutas adictivas e fomentar as alternativas de lecer e hábitos saudables.

O concurso desenvolverase de acordo coas seguintes bases:

PARTICIPANTES

Poderá participar a mocidade que este cursando Ensino Secundario Obrigatorio (ESO) ou FP básica en IES do municipio da Coruña.

Cada persoa participante poderá presentar soamente unha obra orixinal e inédita e non premiada con anterioridade. A participación poderá ser promovida polo centro escolar dos participantes ou ser a título particular.

CATEGORÍAS

Dividiranse en dúas categorías:

Categoría 1: mocidade que cursa 1º e 2º de ESO en centros da cidade

Categoría 2: mocidade que cursa 3º e 4º de ESO ou FP básica en centros da cidade.

TEMA DAS VIÑETAS

Tema da categoría 1: “**Lecer saudable... un bo plan**”

Tema da categoría 2: “**Sen alcol e outras adiccions... un bo plan**”

PRESENTACIÓN

Terá que realizarse a man:

- Unha viñeta única, en formato DIN A4,
- Ou un máximo de dúas viñetas cun fío condutor nunha páxina formato DIN A4.
- A viñeta poderá conter frases ou lema relacionados co debuxo, escritos en castelán ou galego.
- As persoas participantes poderán ofrecer unha interpretación libre (real, humorística, fantasiosa...) da temática establecida en cada categoría.
- As obras deben ser orixinais, inéditas e

non premiadas anteriormente, asumindo as persoas participantes a plena responsabilidade en canto á autoría e orixinalidade das viñetas que presenten a concurso.

- As viñetas presentadas non deberán resultar ofensivas nin discriminatorias e deberán cumprir as bases do concurso.
- As obras deben ir identificadas sinalando en cada unha delas os seguintes

datos da persoa participante:

- » Nome e apelidos
- » Idade
- » Teléfono de contacto e dirección de email na que poder avisar no caso de resultar premiado.
- » Nome do centro escolar
- » Curso no que está matriculado.

Se a participación é promovida polo centro escolar, ademais débese incluír:

- Nome e dirección do correo electrónico do docente que promove a realización do concurso no centro.
- Os centros escolares, que participen por cursos ou con máis dunha viñeta, as presentarán numeradas e cunha listaxe adxunta onde cada número se corresponderá co nome, idade, curso e, si é posible, teléfono de contacto do autor/a, así como os datos de contacto do docente promotor da acción no centro escolar.

As viñetas presentadas que non veñan identificadas, como se ha indicado anteriormente, non se admitirán a concurso.

A entrega dos traballos se pode realizar das seguintes formas:

- Viñetas escaneadas por correo electrónico á seguinte dirección **concurso@unboplan.com**, ou ben,
- Viñetas orixinais ou fotocopiadas en cor, presencialmente, de 8:30h a 14:30h, ou por correo postal, na seguinte dirección:

**IX Concurso de Viñetas:
Sen adiccions... un bo plan
Concellaría de Igualdade,
Benestar Social e Participación
C/ Fernandez Latorre 64- 66 Entreplanta
15008- A Coruña**

En caso de enviarse as obras por email ou de entregarse obras fotocopiadas ou escaneadas, deberán conservarse os traballos orixinais en papel, xa que poderían ser solicitados no caso de resultar premiados.

As obras presentadas non se devolverán.

CALENDARIO

Os traballos poderán presentarse ata o día 22 de novembro de 2019 inclusive.

**SEN
ADICCIONS
...un bo plan**



PREMIOS

Premio categoría 1: consistirá nun vale por valor de 125€ en material deportivo para a persoa premiada e un vale por valor de 100€ en material escolar para o centro, no caso de que fose este o promotor da súa participación.

Premio categoría 2: consistirá nun vale por valor de 125€ en material deportivo para a persoa premiada e un vale por valor de 100€ en material escolar, para o centro, no caso de que fose este o promotor da súa participación.

Accésit categoría 1: consistirá nun vale por valor de 75€ en material deportivo para a persoa premiada e un vale por valor de 50€ en material escolar para o centro, no caso de que fose este o promotor da súa participación.

Accésit categoría 2: consistirá nun vale por valor de 75€ en material deportivo para a persoa premiada e un vale por valor de 50€ en material escolar, para o centro, no caso de que fose este o promotor da súa participación.

O fallo do concurso farase público no mes de decembro de 2019. O xurado podería declarar desertos os premios.

PROPIEDAD OBRAS PREMIADAS

As obras premiadas pasarán a ser propiedade do Concello da Coruña e poderán utilizarse en posteriores campañas de prevención.

As viñetas premiadas poderán ser utilizadas noutras accións organizadas polo Concello.

As obras premiadas, e o resto dos deseños participantes, poderán ser mostradas nas web www.coruna.gal/corunasindrogas/es ou www.coruna.gal/serviciosociales/es ou calquera outra que as substitúa.

ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación neste concurso supón a íntegra aceptación destas bases.

A organización resérvase o dereito de modificar as bases, comunicándoo a través da web.

Información en Centros Cívicos Municipais

www.coruna.gal/corunasindrogas/es
www.coruna.gal/serviciosociales/es

Co fin de cumprir co artigo 5 da Ley orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, infórmase que os datos proporcionados pasan a formar parte dun ficheiro, do cal será responsable o Concello da Coruña, coa finalidade da xestión do VIII Concurso de viñetas "Sen adiccions...un bo plan", realizado pola Concellería de Igualdade, Benestar Social e Participación.

**SEN
ADICIONS**
...un bo plan



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



CORUÑA
PRÓXIMA



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE SANIDAD, CONSUMO
Y BIENESTAR SOCIAL

